



.....  
**O mundo do porvir: Bicentenario  
do nacemento de Concepción  
Arenal Ponte (1820-2020)**

# **A proxección de Concepción Arenal fóra das nosas fronteiras**

.....

Retransmisión gravada: 6 de novembro de 2020 ás 18:00 horas

O 31 de xaneiro de 1820 nacía en Ferrol a pensadora e escritora Concepción Arenal Ponte. Douscentos anos despois do seu nacemento, queremos conmemorar esa efeméride analizando o seu legado e valorando a súa vixencia, con rigor e tratando de evitar os anacronismos, coa finalidade de difundir a súa obra e pensamento, entre un público interesado, mais non só especializado, para que se coñeza, máis alá do seu nome e dalgunhas frases soltas descontextualizadas, e en especial aquelas ideas que, aínda hoxe, gozan de maior actualidade e interese. Realizaremos ese percorrido retrospectivo pola súa biografía e obra a través dos lugares do país que máis a marcaron: Ferrol, A Coruña e Vigo. E remataremos en Santiago de Compostela, onde daremos conta da súa proxección internacional. Queremos honrar así unha figura destacada da nosa historia cuxa fonda pegada aínda permanece.

### **A proxección de Concepción Arenal fóra das nosas fronteiras**

Non existe constancia ningunha de que Concepción Arenal saíse en toda a súa vida do territorio español; porén, o seu nome e boa parte das súas obras viaxaron con frecuencia por moitos países. En Compostela, destino de camiños de peregrinación e lugar habitual de encontro entre moitas linguas e culturas diversas, analizaremos a recepción internacional que tivo a súa obra, así como a acollida da que gozou nos países de emigración galega.

# Programa



18:00 horas

Emisión gravada dos relatorios da  
xornada en

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

*A recepción internacional da obra de  
Concepción Arenal Ponte*

**Celia Pereira Porto**, avogada  
laboralista e membro da Sección de  
Pensamento do CCG

*A acollida de Concepción Arenal  
Ponte na emigración*

**Xosé Manoel Núñez Seixas**,  
catedrático de Historia  
Contemporánea na USC e  
vicepresidente do Consello da  
Cultura Galega

Clausura das xornadas

**Rosario Álvarez**, presidenta do  
Consello da Cultura Galega

## **Organiza**

Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos (CCG)  
Consello da Cultura Galega

## **Coordina**

Celia Pereira Porto

## **Información**

A actividade non será presencial. Será gravada e retransmitida a través do noso web e da nosa canle en Youtube na hora indicada e logo permanecerá na Mediateca para consultas futuras.  
Non é necesaria inscrición previa.

## **Máis información**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>



**Organiza:**

